

Recomendación dirixida ao Concello de Arteixo debido aos ruídos e sucidade provocados por un local

Expediente: C.6.Q/942/18

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito da Comunidade de Propietarios [REDACTED] relativo aos ruídos e sucidade provocados por un local.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que presentaron escrito ao Concello de Arteixo o 20 decembro 2017 como consecuencia dos continuos problemas que está a ocasionar o local ..., sito no baixo do edificio, e que polo desenvolvemento da súa actividade ocasiona molestias por música alta e clientes que na beirarrúa están ata altas horas da madrugada. Igualmente ocasionan importantes problemas de sucidade na beirarrúa e portal do edificio, xa que os clientes do establecemento deixan vasos, cabichas, botellas, mesmo ouriños e vómitos no portal. Tanto o propietario do local como os veciños do inmovible notificaron esta situación ao inquilino e ao concello e a situación continua igual. Descoñecen se posúe os permisos para o desenvolvemento da actividade e se é así, se o local reúne os requisitos necesarios, xa que non se fixo unha proba de decibelios nas vivendas da primeira planta, as máis afectadas. Non tiveron contestación por parte do Concello de Arteixo.

2. Ante iso requirimos información a ese concello, que nola remitiu. Nela sinalase o seguinte:

“... 1.- Nesta administración consta denuncia formulada pola Comunidade de Propietarios do edificio [REDACTED] relativa as molestias que está ocasionando a actividade que se desenvolve no local baixo do referido edificio. As queixas versan, principalmente, sobre molestias ocasionadas por música alta e clientes na beirarrúa ata altas horas da madrugada que provocan problemas de sucidade nela e no portal do edificio, descoñecendo se posúen os permisos necesarios para o desenvolvemento da actividade. 2. A Policía Local emitiu informe (registro de saída nº 199 de 7 de febreiro de 2018) no que se verificou a carencia de licenza de apertura do local, a música excesiva e a sucidade diante do local que serve, ademais, como punto de reunión dos clientes. 3.

Evacuando o prazo de audiencia conferido a medio de providencia de 26 de febreiro de 2018 a ..., identificados no informe da Policía Local como titulares actual e orixinario, respectivamente, comunicase por este último que foi entregada a documentación solicitada para subsanar as deficiencias que lle foran requiridas no expediente de licenza de actividade, entre elas, que o certificado de illamento acústico fora subscrito por técnico competente e a aclaración do punto quinto das conclusións do informe de illamento acústico. 4. A día de hoxe, e para centrar a cuestión, o devandito local de ocio desenvolve a súa actividade ao amparo dun título habilitante; dun título que lle foi outorgado ao final dun procedemento de dobre fase, estritamente regulado, substanciado en todo momento con suxeición a normativa aplicable e seguindo os trámites regulamentarios. 5. Na primeira fase do procedemento outorgouse a licenza de instalación/obra, para acometer a reforma do local (resolución nº 1917/15), e na segunda, unha vez verificado polos Servizos técnicos en visita de comprobación realizada ao efecto o adecuado funcionamento das medidas correctoras e demais requisitos legais impostas, a licenza/autorización de posta en funcionamento da actividade de cafetería (resolución nº 919/18). 6. Con carácter previo o outorgamento da última das licenzas arriba citadas, requiriuse ao peticionario a presentación dun certificado, expedido por empresa habilitada para tal cometido, acreditativo do estrito cumprimento das condicións acústicas do establecemento en cuestión, coa finalidade de prever potenciais molestias, tanto os moradores das vivendas situadas sobre o local de negocio, como a aqueles outros residentes nos edificios colindantes. 7. O solicitante da licenza, dando cumprimento ao requirimento do que fora obxecto, achegou un informe técnico emitido por PROYMA INGENIERIA ACÚSTICA, S.L., e subscrito por técnico competente, no que se conclúe o seguinte: "(...) 1.- Teniendo en cuenta que el funcionamiento de la actividad se realiza parcialmente en horario nocturno, superando el cierre las 23:00 horas. El nivel máximo de ruido generado estará producido por la propia actividad que se desarrolla en el interior del local, sin poder superar los 80 dB(A). 2.- El local no podrá disponer de equipos de amplificación sonora, distintos de tv o radio reglamentarias, que no dispongan de un limitador sonoro. 3.- Se certifica un aislamiento a ruido aéreo, en el caso más desfavorable entre el local y la vivienda superior colindante de (ilexible). Cumpliendo con la legislación vigente. 4. Se certifica un aislamiento a ruido de fachada entre el local y el exterior, en el caso más desfavorable (ilexible). El aislamiento de fachada obtenido de 42,3 db (A) cumple con la legislación vigente al superar los 40 dB(A). 5.- Se certifica un Aislamiento a ruido de impacto, entre el local y la vivienda de L.nT.W (ilexible). El aislamiento a ruido de impacto obtenido de 33 dB, cumple con la legislación vigente al ser inferior a los 40 dB... 8. A empresa PROYMA INGENIERIA ACÚSTICA, S.L. é unha entidade homologada pola Xunta de Galicia para efectuar medicións en contaminación acústica e vibracións, a medio de resolución de 15 de decembro de 2006 (segundo documentación anexa ao informe de aillamento acústico). 9. A maior abastanza, os servizos técnicos municipais emitiron informes favorables de inspección do local de 16 de marzo e 9 de abril de 2018, facendo constar expresamente que "...comprobose especialmente que no local no existen equipos de amplificación sonora...". 10. Con respecto aos problemas de

suciedade na beirarrúa e a creación dun punto de reunión dos clientes da referida actividade no exterior do local a altas horas da madrugada, foi emitido informe polo Sr. Xefe de Área de Seguridade (registro de saída nº 663 de 17 de abril de 2018) sobre as medidas adoptadas ou que se vaian a adoptar en relación estes extremos, poñendo de manifesto que "...se continuará denunciando las actuaciones irregulares que lleve a cabo dicha actividad y de las que seamos concedores, bien de oficio o a requerimiento de los vecinos, en lo referente a los ruidos indicar que esta Policía carece de personal técnico (no existe personal habilitado para hacer mediciones) ni medios técnicos materiales (sonómetro) por lo que la actuación se reducirá a solicitar que se baje el sonido dado que no se puede aportar prueba en una denuncia; en lo referente a la presencia continuada de personas en la acera del establecimiento, indicar que dicho establecimiento carece de terraza habilitada, por lo que las actuaciones sancionadoras recaerían sobre las personas individuales sólo en caso de que se produzcan desórdenes o ruidos elevados en la vía pública; en lo referente a la suciedad, entendiéndose el área circunscrita al frente del establecimiento se requerirá al propietario su ornato..."

Achégase copia da documentación acreditativa destes extremos (informes técnicos municipais de 16 de marzo e 9 de abril de 2018, informe xurídico de 9 de abril de 2018, proposta e resolución nº 919 d 10 d abril de 2018 e informe de illamento)".

3. Anteriormente o establecemento carecía de licenza, pero na actualidade conta con ela e aportou a certificación de illamento e das condicións acústicas esixibles. Os servizos técnicos municipais emitiron informes favorables de inspección do local, facendo constar que non existen equipos de amplificación sonora.

Porén, non se aportou comprobación da queixa (ruído por música e clientes), polo que dirixímonos ao concello para requirir que con urxencia facilitara aclaración sobre iso. O concello nola remitiu e sinala o seguinte:

"... A medio de escrito ... o Valedor do Pobo solicitou informe complementario co fin de que, con urxencia, por este concello se facilite aclaración sobre as medidas adoptadas ou previstas en relación cos seguintes extremos: -a realización das comprobacións sonométricas pendentes; sobre o seu resultado e as medidas adoptadas, ao considerar que a licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración debe garantir continuamente o interese público, principalmente do veciños inmediatos, debendo facer o concello as comprobacións das transmisións de ruidos ás vivendas cando se denuncia polos afectados. - sobre a evitación da congregación ruidosa das persoas ás portas do local a altas horas da madrugada, toda vez que o mantemento da conduta cívica ordinaria é responsabilidade do concello. -sobre a evitación da suciedade na contorna do local, por corresponder ao concello as medidas para evitar que se ensucie así coma a limpeza da vía pública.

CONSIDERACIONES LEGAIS

I. O artigo 29 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia dispón que sen prexuízo das específicas funcións inspectoras que correspondan a órganos sectoriais competentes nos términos que regulamentariamente se determinen, no ámbito da administración autonómica corresponderá o exercicio da función de control e vixilancia a unha inspección ambiental única, coordinada polo órgano da administración ambiental que regulamentariamente se determine. Para dito exercicio poderá servirse do persoal axeitado dos órganos que teñan a competencia substantiva. A administración local desenvolverá a súa propia inspección de cara ao correcto exercicio da súa competencia no marco da presente Lei e demais reguladoras do réxime local. No obstante, cando a administración local se considere imposibilitada para o exercicio da competencia de inspección, esta poderá solicitar a administración autonómica o auxilio en tal función.

II.- Consonte os artigos 30 e 31 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, a inspección ambiental ten como función, no marco da defensa e protección do medio ambiente de Galicia, a execución do control e vixilancia das actividades e instalacións de calquera tipo que fosen susceptibles de afectarlle negativamente. Os funcionarios que exerzan a inspección ambiental da Comunidade Autónoma gozarán no exercicio das súas funcións da consideración de axentes da autoridade, estando facultados para acceder, sen previo aviso e tras ser identificados as instalacións en que se desenvolvan as actividades obxecto desta Lei. As demais policíaas ou garderías municipais ou estatais están obrigadas a prestar un auxilio administrativo nas funcións de inspección recoñecidas nesta Lei. As inspeccións poden ser: a. Previas ao outorgamento dunha autorización ou licenza. b. En virtude de denuncia. c. As que podan acordarse de oficio durante o funcionamento dunha actividade.

Polo exposto DISPOÑO Primeiro.- Que se proceda a efectuar unha medición acústica no local onde se desenvolve a actividade obxecto deste expediente, poñendo a súa realización en coñecemento das partes implicadas (o titular da actividade, ... e a denunciante, a Comunidade de Propietarios do edificio [REDACTED] [REDACTED]) con antelación suficiente. Segundo.-Que pola Policía Local se continúe efectuando o correspondente seguimento, en relación ao desenvolvemento da actividade en cuestión, informando a esta Alcaldía sobre o estrito cumprimento da licenza outorgada e en concreto, sobre axuste da actividade que se desenvolve á aquela para a que obtivo a licenza (cafetería). Terceiro.- Que pola Policía Local, a maior brevidade posible, se emita informe sobre as medidas previstas a adoptar en orde a evitar a congregación ruidosa de persoas ás portas do local a alias horas da madrugada. Cuarto.- Que pola Área de Obras, a maior brevidade posible, se informe sobre as medidas a levar a cabo en aras a evitar a sucidade na contorna do local...”.

ANÁLISE

1. Tal e como sinalamos na anterior comunicación ao concello, este non aportou a comprobación das circunstancias que son obxecto das denuncias e a queixa, o ruído por música alta e polos clientes na beirarrúa. Aínda que o local teña licenza seguen resultando necesarias as comprobacións puntuais cando se dan denuncias de actos que puideran ser constitutivos de infracción. A policía local carece de persoal técnico e de medios materiais (sonómetro) para facer medicións, polo que recoñece que cando se dan denuncias unicamente pode pedir que se baixe o son. Iso fai que non se apliquen as sancións que podan corresponder e que non se dea o efecto disuasorio das sancións.

A responsabilidade das carencias apuntadas e da súa solución é do concello, posto que trátase dunha competencia e de funcións estritamente municipais. O concello debe facer as comprobacións das transmisións de ruídos ás vivendas cando tal cousa se denuncia polos afectados e no preciso intre en que o local está a prexudicarlles con niveis inadecuados de ruídos, cometendo con iso unha infracción administrativa. O contrario sería tanto como permitir a penetración continuada de ruído nas vivendas sen control ningún.

É obriga dos concellos facer unha vixilancia continuada dos establecementos. As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local. A licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

As medicións son necesarias para comprobar e sancionar as infraccións por ruídos, que causan evidente menoscabo no dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio e á intimidade persoal e familiar (art. 18. 1 e 2 CE) e noutros dereitos constitucionais, e para disuadir aos responsables de seguir facéndoo.

A forma de comprobar (medir) que anuncia o concello é errónea, posto que as medicións non poden ser programadas, como pretende. Deben facerse no preciso intre en que os afectados avisan aos axentes responsables da acta, que acudirían de forma discreta -se non o fan dese xeito non poderán comprobar a suposta infracción- e cantas veces sexa preciso ata facer valer o efecto disuasorio das consecuencias legais previstas para infraccións que adoitan repetirse noite tras noite, convertendo a situación dos afectados, no caso de confirmarse, nunha conculcación habitual dos seus dereitos. Non é adecuado o control programado, que pode verse afectado por numerosos medios de fraude.

2. Por outra banda ás denuncias e queixas sinalan que o establecemento funciona con música. O ente local so aclarou que nunha visita de inspección non se apreciaron equipos de reprodución sonora, o que non descarta o uso da música, como se denuncia, a través da posterior instalación da mesma, o que habería que comprobar.

Con carácter previo á análise das inmisións ilegais de ruídos o concello debería requirir ao local que se axustara á licenza concedida, de sinxela cafetería. De contar con música o seu funcionamento non se axustaría ao previsto na licenza.

Se o establecemento con licenza de cafetería, non de café especial ou pub, funcionan con música a alto volume, non ambiental ou baixo, incumpren o catálogo de establecementos - Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 292/2004-, que prevé os locais que funcionan con música, polo que *a sensu contrario* prevé os que non poden tela.

Iso sería unha infraccións que debería ser tratadas como tal para que produzan o efecto disuasorio propio das sancións.

A comprobación desta circunstancia non require facer medicións, senón so unha inspección. E se trátase dun pub deberían realizarse as correspondentes actas de infracción, tramitarse os expedientes sancionadores e adoptarse as medidas cautelares para impedir que funcionen dese xeito.

O control preventivo e continuado protexe o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas. Coa tramitación do control non termina o labor do ente local; ábrese unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita do control das actividades.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de concederlles as licencias de funcionamento. A maior parte destes locais funcionan sen axustarse ao permitido na licenza, e o outro (o que ten licenza de bar especial) é protagonista de incumprimentos puntuais.

3. No caso de que despois de actuar para impedir que o local funcione como un pub e obrigar a que se axuste aos seus requisitos, entón podería ser preciso facer tamén comprobacións santométricas.

4. No relativo á presenza continuada de persoas na beirarrúa o informe sinala que en breve a policía local emitirá informe sobre as medidas a adoptar en orde a evitar a congregación ruidosa de persoas ás portas do local a altas horas da madrugada.

O mantemento da conduta cívica ordinaria e por tanto dos niveis de ruído como consecuencia de condutas individuais ou colectivas na rúa é responsabilidade do concello. En caso contrario poderían xerarse molestias que poden prexudicar o dereito á intimidade persoal e familiar no ámbito domiciliario, que é un dereito fundamental e especialmente protexido (art. 18. 1 e 2 CE), e outros dereitos constitucionais (integridade persoal física ou psíquica, saúde, medio ambiente adecuado, calidade de vida ...).

5. No referente á sucidade se indica que en breve a área de obras informará sobre as medidas a levar a cabo en aras a evitar a sucidade na contorna do local.

6. Resta por concretar as medidas relativas aos ruídos na rúa e á sucidade.

7. As persoas que promoveron a queixa están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. Da información dispoñible dedúcese que o Concello de Arteixo non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Arteixo a seguinte recomendación:

Que con urxencia se comprobe e no seu caso se impida o funcionamento do local con música; que con urxencia se comprobén as inmisións denunciadas polos reclamantes mediante medicións non programada; que con urxencia se corrixa a contaminación acústica nocturna na vía pública, de competencia municipal; e que con carácter xeral se protexan adecuadamente os dereitos fundamentais e doutra natureza conculcados pola situación pola que se reclama.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo